



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

**SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 22 DE  
FEBREIRO DE 2012**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás dez horas do día vinte e dous de febreiro de dous mil doce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Maria Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocio Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta Maria Vázquez Golpe, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Asiste dona Verónica Maria Otero López, técnica de xestión de administración xeral, por delegación da secretaria da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examinaronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1º.-Aprobación, se procede, dos borradores das actas das sesións ordinarias de datas 6 e 13 de febreiro de 2012.**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes ás sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local de datas 6 e 13 de febreiro de 2012 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, aprobou os citados borradores.

**2º.- Correspondencia.**

- Convocatoria de programas de apoio á cultura e ao deporte, dirixidos a concellos e outras entidades locais para actividades e investimentos durante o ano 2012 da excma. Deputación provincial da Coruña. (Boletín Oficial do Estado número 35, de data do día 20 de febreiro de 2012).
- Convocatoria de programas dirixidos a concellos e outras entidades locais para actividades e investimentos de promoción económica durante o ano 2012 da excma. Deputación

provincial da Coruña. (Boletín Oficial do Estado número 35, de data do día 20 de febreiro de 2012).

- Convocatoria dirixida aos concellos e outras entidades locais interesadas na realización de proxectos de envellecemento activo para as persoas maiores ano 2012 da excma. Deputación provincial da Coruña. (Boletín Oficial do Estado número 35, de data do día 20 de febreiro de 2012).

- Convocatoria de subvencións dirixida aos concellos e outras entidades locais da provincia para o desenvolvemento de políticas de igualdade entre mulleres e homes e de loita contra a violencia de xénero no ano 2012 da excma. Deputación provincial da Coruña. (Boletín Oficial do Estado número 35, de data do día 20 de febreiro de 2012).

- Convocatoria de subvencións dirixida aos concellos e outras entidades locais da provincia para o desenvolvemento de servizos sociais no ano 2012 da excma. Deputación provincial da Coruña. (Boletín Oficial do Estado número 35, de data do día 20 de febreiro de 2012).

- Orde do 30 de decembro de 2011, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión da prestación económica de pagamento único por fillas e fillos menores de tres anos para o ano 2012. (Diario Oficial de Galicia número 32, de data 15 de febreiro de 2012).

### **3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área.**

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

#### **Informes do concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación**

En canto aos estados dos procedementos de contratación, informa o señor concelleiro que están preparados os expedientes de “mantemento preventivo instalacións térmicas” e o de “renovación de firme no camiño de Cela-Canal, Cambre” (POS Adicional 1/2011); pendente de documento de retención de crédito (en adiante, R.C.) o expediente de “mantemento de zonas verdes” e pendente de firma o expediente de “realización de auditorías enerxéticas nos edificios e instalacións de alumeadado público”.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

En canto ás obras de “rehabilitación fontes Toural e Souto” (POS 2.011), estase en fase de valoración de solvencia técnica pola enxeñeira técnica municipal, apunta.

En canto ás obras da “cuberta pista polideportiva CEIP Portofaro”, sinala o señor concellerio que se emitiu informe polo director de obra e pola arquitecta municipal para que se modifique o proxecto, concedéndose un prazo de 15 días para alegacións e para que presente o proxecto modificado.

En canto ao proxecto de “instalación servizo de protección civil”, informa que polo seu redactor non se presentou a documentación que solicita a Deputación, polo que xa se lle requiriu para que procedese a dita rectificación; engade o señor concellerio que este proxecto se contratara sen a incoación de ningún tipo de expediente.

#### Informes do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado

O concelleiro don Fernando Caride Suárez informa que xa están reparadas as deficiencias do campo de fútbol “Dani Mallo” e que o venres terá unha reunión cos instaladores do céspede para pedir explicacións sobre as deficiencias detectadas.

O señor concelleiro tamén informa de que se están cerrando as datas para a viaxe á neve e que no día de mañá se celebrará unha reunión con representantes da Xunta para adherirse ao “Plan Galicia Saudable”.

Así mesmo, tamén informa de que a festa de entroido celebrada na Casa das Palmeiras tivo moito éxito, con grande afluencia de público e sen incidencias.

#### Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo.

A concelleira dona Marta María Vázquez Golpe informa que non consta ningunha alegación ao orzamento, se ben podería rexistrarse algunha no día de hoxe das entregadas en correos; de non ser así, enténdese definitivamente aprobado.

Tamén informa a señora concelleira que xa está lista a ordenanza fiscal de licenza de actividades, que será levada ao Pleno do mes de marzo, xunto coa reguladora e a fiscal de venda ambulante.

A continuación sinala a señora concelleira que, recibida unha solicitude para a sinalización dos negocios da Barcala, se está a estudar a situación dos sinais.

#### Informes da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente

A concelleira dona Rocío Vila Díaz informa que a empresa encargada da actualización do catastro quedarase ata finais de mes e xa lles solicitou informe para coñecer as incidencias xurdidas.

Tamén informa a señora concelleira de que na vindeira semana a arquitecta municipal dedicarase de forma exclusiva á redacción do informe relativo á solvencia das empresas que licitaron para a obra denominada “Rehabilitación e restauración do edificio destinado a equipamentos sociais: Casa da Cultura”.

Así mesmo, tamén sinala que se está a redactar polo aparelador municipal un informe relativo ás causas das fendas existentes na casa contigüa ás obras de instalación dunha gasolinera na carretera Cambre – Temple.

#### Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

O concelleiro don Manuel Marante Gómez sinala que se prevé a finalización das obras da rúa Pígara para o vindeiro mes.

En relación coas solicitudes de pasos de peóns, sinala que xa se pintou o solicitado nas inmediacións do instituto de Sigrás; en canto ao solicitado na entrada de Cambre, éstase a estudar a posibilidade de situalo cerca dunha parada de bus para facilitar o acceso ao centro de saúde e, en canto ao paso de peóns situado en Lendoiro – Cecebre, sinala que non pode situarse no lugar solicitado por motivos de seguridade vial e pintárase máis adiante instalándolle ao lado unha luminaria.

#### Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

O concelleiro don Santiago Ríos Rama sinala que no día de onte se celebrou a festa infantil de entroido e o vindeiro sábado terá lugar o concurso, procurando que este ano se acelere o pago aos premiados e non se produzan os retrasos de exercicios anteriores.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Informa tamén que o presentador do concurso será José Ramón Rioboo.

Sinala, así mesmo que, salvo o presentador que será remunerado, o resto colaborarán de forma gratuíta e serán invitados a comer nun restaurante da zona.

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

A concelleira dona María Jesús González Roel informa que con data de 20 de xaneiro de 2.012 se publicou no DOG o Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, polo que deberá se de revisar a posta en funcionamento da ludoteca e verificar que se cumpre cos requisitos establecidos.

A continuación sinala que os distintos colexios foron informados de que se celebrará nas súas instalacións, entre esta semana e a que ven, o obra de teatro infantil “nuncabunga” e tamén se prevé a realización dunha obra de teatro para adultos.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as once horas, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Manuel Rivas Caridad

A secretaria

Verónica María Otero López

C.I.F. P-1501700-G